

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Deportes

Bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado. Ano 2013

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO. ANO 2013.

1.- FINALIDADE E OBXECTO

As bases da presente convocatoria teñen por finalidade a promoción das Entidades Deportivas locais de carácter federado, non mercantís, non profesionais, e consecuentemente sen ánimo de lucro.

A efectos de que os colectivos de base anteriormente citados poidan alcanzar os seus obxectivos, o obxecto que motiva a presente convocatoria é financiar, en parte, os gastos derivados da súa participación nas competicións deportivas establecidas nos correspondentes calendarios oficiais das federacións autonómicas e nacionais.

Para os efectos desta convocatoria de subvencións consideraranse gastos subvencionables os seguintes conceptos:

- a) Gastos de pagamento de licenzas federativas e de mutualidade.
- b) Gastos de desprazamentos dos diferentes equipos ou deportistas da Entidade, que deberán de coincidir e vir acompañados do calendario oficial federativo da competición.
- c) Gastos de aloxamento dos diferentes equipos ou deportistas da Entidade, que deberán de coincidir e vir acompañados do calendario oficial federativo da competición. En ningún caso serán admitidos gastos de aloxamento en distancias inferiores a 100 km. da cidade de Santiago. Non se terán en conta os gastos de manutención.
- d) Gastos de arbitrxes que se correspondan coas competicións do calendario oficial federativo.
- e) Gastos de material deportivo non inventariable (balóns, equipacións, ...) ata un máximo de 1.500 €, debendo especificarse conceptos, cantidades ...
- f) Gastos de lavandaría.
- g) Gastos de alugueiro de instalacións para adestramentos ou competicións.
- h) Gastos médicos, en xeral.
- i) Gastos de pagamento de inscricións en probas de competición incluídas no calendario federativo.
- j) Gastos de seguros de responsabilidade civil e/ou accidentes que teña que posuir a Entidade para o seu normal funcionamento. A maiores, no caso do ciclismo, aceptaranse os seguros dos vehículos das entidades xa que son necesarios para poder competir/adestrar.

Todos estes gastos terán que corresponder ao ano 2013.

2.- CONTÍA

A contía total que se destina a esta finalidade será de 180.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 040 34900 48901/2013.

3.- DESTINATARIOS

Poderán acceder a estas subvencións as Entidades Deportivas Federadas con sede social no Municipio de Santiago e que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, e no Rexistro da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Non se considerarán a efectos destas bases:

- as solicitudes daquelas entidades que, con independencia de estar federadas, non participen de forma regular en competicións oficiais incluídas no calendario da federación correspondente.
- as solicitudes daquelas entidades deportivas que participen unicamente na categoría de 3ª autonómica senior masculina na modalidade de fútbol, e na categoría de 4ª división senior masculina na modalidade de baloncesto.
- as solicitudes que correspondan a Entidades Deportivas vinculadas con empresas privadas de servizos deportivos.
- as solicitudes de calquera entidade pública territorial ou corporativa, así como das entidades vinculadas ou dependentes das mesmas.

4.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios:

- a.- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b.- Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención.
- c.- Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e aportar a información que lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d.- Comunicar ao órgano concedente a solicitude e a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.
- e.- Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario, e cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- f.- Fomentar o desenvolvemento de actitudes e comportamentos en contra da violencia no eido do deporte, así como, a transmisión de valores positivos en prol do xogo limpo entre os adestradores, xogadores e demais membros da Entidade.
- g.- A actividade que se desenvolva por parte dos beneficiarios realizarase en lingua galega, tanto no que toca ao seu desenvolvemento como á comunicación oral ou escrita que xeren.
- h.- Os beneficiarios deberán, de conformidade coa establecido na normativa reguladora das subvencións públicas, dar a adecuada publicidade do carácter público da financiación da actividade obxecto da subvención, quedando obrigados a informar da axuda concedida polo Concello de Santiago entre todos os membros da súa Entidade.

5.- DOCUMENTACIÓN

Os interesados deberán presentar unha solicitude debidamente cuberta, que se facilitará nas Oficinas do Departamento de Deportes do Concello (Estadio de San Lázaro, porta principal ou nº 1) e na que figurará, entre outros datos, a contía da axuda solicitada que, en ningún caso, poderá ser superior ao déficit previsto pola Entidade. Esta solicitude deberá estar asinada polo representante da Entidade solicitante, que só poderá ser o presidente ou un membro da xunta directiva.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

5.1.- Certificación do nomeamento do interlocutor da Entidade para as súas relacións co Concello no que se refire á convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado ano 2013, asinada polo Secretario da Entidade co Vº e prace do Presidente. (Anexo I)

5.2.- Declaración da Entidade, asinada polo Presidente/a, de todas as axudas solicitadas, tanto as concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade ante as administracións públicas ou outros entes públicos ou privados. (Anexo II)

5.3.- Declaración da Entidade, asinada polo Presidente/a, de non atoparse en ningún dos supostos de incapacidade e incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas, e que os datos que se aportan no expediente de solicitude responden á realidade. (Anexo III)

5.4.- Orzamento de gastos para os que se solicita subvención (Anexo IV). Para a elaboración deste orzamento cómpre ter en conta os gastos subvencionables de acordo cos conceptos definidos no punto 1 das bases, así como os criterios de xustificación descritos no punto 10. A maiores, será obrigatorio cubrir detalladamente o orzamento xeral de gastos e

ingresos da Entidade correspondente á tempada 2012/2013 ou á tempada 2013 (segundo corresponda en función da modalidade deportiva) que figura no formulario da solicitude, co fin de comprobar o déficit que ten a Entidade.

5.5.- Certificación oficial federativa do nº de equipos ou do nº de licenzas, segundo corresponda, e categoría na que militan todos os que compoñen a Entidade na tempada 2012/2013 ou na tempada 2013 (segundo corresponda en función da modalidade deportiva). Excluíranse desta certificación as categorías que teñan un convenio nominal co Concello de Santiago. Esta certificación deberá ter data do ano 2013, e terá que ser orixinal ou fotocopia compulsada.

5.6.- Certificación oficial federativa na que se detalle a participación dos diferentes equipos/deportistas da entidade nas distintas competicións oficiais do calendario federativo da tempada 2012/2013 ou na tempada 2013 (segundo corresponda en función da modalidade deportiva).

5.7.- Certificación dos gastos de mutualidade e federativos da Entidade correspondente á tempada 2012/2013 ou á tempada 2013 (segundo corresponda en función da modalidade deportiva). Excluíranse desta certificación as categorías que teñan un convenio nominal co Concello de Santiago. Esta certificación de gastos deberá ter data do ano 2013, e terá que ser orixinal ou fotocopia compulsada.

5.8.- Certificación, orixinal ou fotocopia compulsada, de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social. Esta certificación poderase substituír por unha Autorización da Entidade, asinada polo Presidente/a, para que o Concello de Santiago poida obter de forma directa e en calquera fase do procedemento o devandito certificado. Neste caso deberá asinar o apartado correspondente da solicitude.

5.9.- Certificación, orixinal ou fotocopia compulsada, de estar ao corrente nos pagos con Facenda (Axencia Tributaria). Esta certificación poderase substituír por unha Autorización da Entidade, asinada polo Presidente/a, para que o Concello de Santiago poida obter de forma directa e en calquera fase do procedemento o devandito certificado. Neste caso deberá asinar o apartado correspondente da solicitude.

5.10.- Certificación, orixinal ou fotocopia compulsada, de estar ao corrente nos pagos con Facenda da Comunidade Autónoma.

5.11.- Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figuren a Entidade Deportiva como titular e o seu nº de conta.

5.12.- Fotocopia compulsada do CIF da Entidade

5.13.- Fotocopia compulsada dos estatutos polos que se rixa a Entidade. Non será necesario aportalos no caso de que non sufriran modificación con respecto aos presentados para facer a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións. Neste caso deberá asinar o apartado correspondente da solicitude.

5.14.- Fotocopia do DNI do representante da Entidade que asina a solicitude.

O Concello poderá pedir onde proceda a confirmación dos datos anteriores.

As compulsas de calquera documentación achegada en relación con estas bases deberán realizarse por persoal do Concello de Santiago de Compostela.

6.- LUGAR E PRAZO DE ADMISIÓN DE SOLICITUDES

6:1 As solicitudes acompañadas da documentación complementaria, de acordo co establecido na base anterior, poderán presentarse en calquera dos Rexistros do Concello:

- Rexistro Xeral : R/ Presidente Salvador Allende, 4 Baixo (Galeras)
- Rexistro Auxiliar do CERSIA empresa: Avda. do Alcalde Raimundo López Pol, s/n (San Lázaro)
- Rexistro Auxiliar do Ensanche: Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16 (Centro Sociocultural)

Tamén poderán presentarse nos rexistros e oficinas a que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Neste caso será obrigatorio remitir ao Departamento de Deportes do Concello unha copia da solicitude presentada.

6:2 O prazo de admisión de solicitudes será de 20 días naturais contados a partir da publicación da convocatoria no BOP

7.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Para determinar a contía de cada unha das subvencións a conceder teranse en conta os gastos de mutualidade e federativos e, a maiores:

- Para deportes colectivos: número de equipos da Entidade e categoría dos mesmos.
- Noutro tipo de deportes: número de licenzas

Baremo explicativo en documento complementario.

Excluíranse das subvencións previstas nestas bases as categorías daquelas Entidades que teñan un convenio nominal co Concello de Santiago de Compostela.

Tamén quedarán excluídos, como consecuencia do alto número de participantes existentes, os equipos de fútbol sala que participen na competición local/comarcal.

As subvencións finais que correspondan ás Entidades Deportivas, como resultado da aplicación dos criterios de valoración, poderán modificarse aplicando porcentaxes redutoras, de forma proporcional, no caso de que a suma global sexa superior á contía total prevista nestas bases, e co fin de axustalas á mesma.

Do mesmo xeito, se unha vez calculadas as cantidades que corresponden ás Entidades, resulta que queda un remanente da contía global, este repartirase de forma proporcional entre as mesmas.

Por outra parte, en ningún caso o importe da axuda municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións ou outros axentes supere o custo das actividades a desenvolver polo beneficiario. Non serán subvencionables aquelas actividades que non teñan déficit. A subvención nunca poderá ser superior ao déficit nin superar a contía da axuda solicitada.

8.- TRAMITACIÓN

O Departamento de Deportes do Concello, revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñen a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que no prazo de DEZ DÍAS hábiles a partir da data da notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, a súa solicitude arquivarase sen máis trámite.

9.- RESOLUCIÓN

A formulación das propostas de concesión das subvencións corresponderá á Comisión Avaliadora que estará presidida polo Concelleiro de Deportes e integrada por técnicos do Departamento de Deportes.

A devandita proposta elevarase á Xunta de Goberno para a súa resolución antes do 8 de novembro.

No momento da resolución a Entidade solicitante deberá estar ao corrente nas obrigas tributarias (axencia estatal e Comunidade autónoma) e coa Seguridade Social.

10.- NOTIFICACIÓN E XUSTIFICACIÓN

10:1 Unha vez aprobada a subvención, será notificada aos interesados, a través do Departamento de Deportes do Concello.

10:2 O prazo para a xustificación da subvención rematará o 26 de novembro de 2013.

10:3 As entidades beneficiarias deberán presentar, en calquera dos Rexistros Municipais enumerados no punto 6, a seguinte documentación:

1. O formulario para a xustificación da subvención (Anexo A destas bases) debidamente cuberto e asinado polo representante legal da entidade.

2. As facturas ou documentos substitutivos correspondentes a todos os gastos obxecto da subvención enumerados no anexo IV da solicitude, así como acreditar o seu pagamento mediante transferencia bancaria antes da finalización do período de xustificación da subvención.

Excepcionalmente, e de forma xustificada, admitirase o pago en efectivo de facturas por importe inferior a 2.500 €, as cales deberán vir acompañadas dunha declaración xurada do presidente da entidade na que se indique o motivo desta forma de pago e na que se detalle: nº de factura, acreedor, concepto, importe e data de pagamento.

Independentemente da contía da subvención concedida, haberá que xustificar a totalidade do orzamento de gastos enumerado no anexo IV.

Todas as facturas deberán referirse a gastos do exercicio 2013.

Aceptaranse como xustificantes de gasto, Certificacións oficiais federativas, da Mutualidade Deportiva ou de Colexios de Árbitros, nas que se fagan referencia a importes correspondentes e aboados no ano 2013.

De non cumprirse algún dos requisitos anteriormente mencionados, darase un prazo de 10 días hábiles, a partir da data de notificación, para achegar a documentación que se precisa, tendo en conta que a xustificación tense que facer antes do 26 de novembro de 2013.

En caso de que non se xustifique debidamente a totalidade do orzamento presentado, a cantidade da subvención concedida reducirase de forma proporcional.

Do mesmo xeito, se as subvencións declaradas no momento da xustificación son superiores ás previstas polo interesado na solicitude, a contía da subvención concedida poderá verse reducida, na cantidade que corresponda.

No momento da xustificación a Entidade beneficiaria deberá estar ao corrente nas obrigas tributarias (axencia estatal e Comunidade autónoma) e coa Seguridade Social.

11.- PAGAMENTO

Cumpridas as esixencias de xustificación documental citadas nas presentes bases, informadas en primeira instancia polo Departamento de Deportes e con proposta do órgano xestor, remitirase o expediente a Intervención para que emita o preceptivo informe de fiscalización. Se é favorable, a Xunta de Goberno Local resolverá a súa aprobación e tramitarase a correspondente orde de pagamento. Non se poderá facer ningún pago se non se acredita o cumprimento das obrigas tributarias (axencia estatal e Comunidade autónoma) e coa Seguridade Social.

12.- RESPONSABILIDADE E RÉXIME SANCIONADOR

12:1 O Concello poderá dispor que se efectúen as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos presentados polos solicitantes, para unha mellor valoración das solicitudes e resolución do expediente.

12:2 Os beneficiarios, baixo a súa responsabilidade, virán obrigados a comunicar ao Concello a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado.

12:3 Así mesmo o beneficiario facilitará canta información lle sexa requirida polo Tribunal de Contas ou Consello de Contas, no seu caso.

12:4 Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador contidas no Título IV da Lei Xeral de Subvencións (LXS).

DOCUMENTO EXPLICATIVO DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN

Na aplicación dos criterios de valoración que se recollen no punto 7 das Bases da Convocatoria de Subvencións destinadas ao fomento do Deporte Federado 2013, terase en conta o seguinte:

1.- GASTOS DE MUTUALIDADE E FEDERATIVOS

- Terase en conta, como máximo, o 70% dos gastos de mutualidade e federativos de cada Entidade.
- A aquelas Entidades de deportes colectivos que teñan dous ou máis equipos base nunha mesma modalidade, poderáselles considerar até o 90% dos referidos gastos.
- Naquelas modalidades como sendeirismo, pesca, caza ou similares nas que non existe unha estrutura de competición convencional, de proceder a adxudicación de subvención, consideraráselles como máximo o 20% dos gastos de mutualidade e federativos.

2.- BAREMO POR MODALIDADES

- Para deportes colectivos: terase en conta o número de equipos da Entidade e categoría dos mesmos certificados pola federación correspondente.
- Noutro tipo de deportes: terase en conta número de licenzas certificadas pola federación correspondente.

BALONCESTO

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
LIGA EBA	3.475
1ª DIVISIÓN MASCULINA (autonómica)	1.390
2ª DIVISIÓN MASCULINA (autonómica)	525
3ª DIVISIÓN MASCULINA (interzonal)	235
4ª DIVISIÓN MASCULINA (interzonal)	175
1ª DIVISIÓN JUNIOR (autonómica)	235
2ª DIVISIÓN JUNIOR (interzonal)	90
1ª DIVISIÓN CADETE (autonómica)	235
2ª DIVISIÓN CADETE (interzonal)	90
1ª DIVISIÓN INFANTIL (autonómica)	235
2ª DIVISIÓN INFANTIL (interzonal)	90
MINIBASQUET	90
PRE-MINI	90
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
1ª DIVISIÓN FEMININA (nacional)	9.145
1ª DIVISIÓN AUTONÓMICA	1.455
2ª DIVISIÓN AUTONÓMICA	185
1ª DIVISIÓN JUNIOR (autonómica)	245
2ª DIVISIÓN JUNIOR (interzonal)	95
1ª DIVISIÓN CADETE (autonómica)	245
2ª DIVISIÓN CADETE (interzonal)	95
1ª DIVISIÓN INFANTIL (autonómica)	245
2ª DIVISIÓN INFANTIL (interzonal)	95
MINIBASQUET	95
PRE-MINI	95

BALONMÁN

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
1ª DIVISIÓN ESTATAL MASCULINA (Nacional)	9.945
1ª TERRITORIAL (Autonómica)	1.390
2ª TERRITORIAL (Autonómica)	350
3ª TERRITORIAL (Autonómica)	105
DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL MASCULINA (Autonómica)	350
2ª DIVISIÓN XUVENIL MASCULINA (Autonómica)	105
DIVISIÓN DE HONRA CADETE MASCULINA (Autonómica)	350
2ª DIVISIÓN CADETE MASCULINA (Autonómica)	105
INFANTIL HONRA MASCULINO (Autonómica)	350
2ª INFANTIL MASCULINO (Autonómica)	105
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
DIVISIÓN DE HONRA PLATA FEMININA (Nacional)	7.260
1ª TERRITORIAL (Autonómica)	1.455
DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL FEMININA (Autonómica)	380
DIVISIÓN DE HONRA CADETE FEMININA (Autonómica)	380
DIVISIÓN DE HONRA INFANTIL FEMININA (Autonómica)	380
INFANTIL FEMININO PROVINCIAL BASE	110
ALEVIN MIXTO PROVINCIAL	110
BENXAMIN MIXTO PROVINCIAL	110

FÚTBOL

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
3ª DIVISIÓN NACIONAL (Autonómica)	7.945
REGIONAL PREFERENTE AUTONÓMICA	3.475
1ª CATEGORÍA REGIONAL AUTONÓMICA	635
2ª CATEGORÍA REGIONAL AUTONÓMICA	475
3ª CATEGORÍA REGIONAL AUTONÓMICA	345
XUVENIL DIVISIÓN HONOR	3.475
XUVENIL LIGA NACIONAL	2.085
XUVENIL LIGA GALEGA AUTONÓMICA	1.390
XUVENIL AUTONÓMICA (Primeira e Segunda)	175
CADETE DIVISIÓN HONOR	2.085
CADETE LIGA GALEGA AUTONÓMICA	1.390
CADETE AUTONÓMICA (Primeira e Segunda)	175
INFANTIL LIGA GALEGA AUTONÓMICA	1.045
INFANTIL AUTONÓMICA (Primeira e Segunda)	175
ALEVIN AUTONÓMICA	175
BENXAMIN AUTONÓMICA	175
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
2ª DIVISIÓN NACIONAL	3.630
LIGA GALEGA 1ª DIVISIÓN	1.100
LIGA GALEGA 2ª DIVISIÓN	365

FÚTBOL-SALA

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
2º DIVISIÓN	20.825
2ª DIVISIÓN B (interautonómica)	3.475
3ª DIVISIÓN (autonómica)	1.390
LIGA AUTONÓMICA NORTE-SUR	525
PROVINCIAL	350
XUVENIL NACIONAL (Autonómica)	695
XUVENIL AUTONÓMICA GALICIA	525
CADETE AUTONÓMICO	525
INFANTIL AUTONÓMICO	525
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
AUTONÓMICA FEMININA	1.455
LIGA PROVINCIAL	365
CADETE FEMININO	95
INFANTIL FEMININO	95

HOCKEY A PATINS

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
PRIMEIRA DIVISIÓN NACIONAL	6.945
PRIMEIRA DIVISIÓN AUTONÓMICA	1.390
JUNIOR (Autonómica)	235
XUVENIL (Autonómica)	235
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
SENIOR FEMININA (autonómica)	730
CATEGORÍAS INFERIORES (MIXTAS)	95

RUGBY

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
PRIMEIRA NACIONAL (Nacional)	6.945
1ª SENIOR GALEGA (Autonómica)	1.390
2ª SENIOR GALEGA (Autonómica)	635
Liga Sub-20 (autonómica)	345
Liga Sub-18 (autonómica)	345
Liga Sub-16 (autonómica)	345
Liga Sub-14 (autonómica)	345
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
SENIOR TERRITORIAL GALEGA (Autonómica)	1.455

TENIS DE MESA

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
SUPER-DIVISIÓN (Estatal)	3.475
DIVISIÓN HONOR (Estatal)	2.085
PRIMEIRA NACIONAL (Estatal)	1.045
SEGUNDA NACIONAL (Autonómica)	525
1ª DIVISIÓN GALEGA (Autonómica)	280
2ª DIVISIÓN GALEGA (Autonómica)	175
3ª DIVISIÓN GALEGA (Autonómica)	105
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
SUPER-DIVISIÓN (Estatal)	3.630
DIVISIÓN HONOR (Estatal)	2.180
PRIMEIRA NACIONAL (Estatal)	1.090
SEGUNDA NACIONAL (Autonómica)	545

VOLEIBOL

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
1ª DIVISIÓN NACIONAL	6.945
2ª DIVISIÓN A (autonómica)	1.390
2ª DIVISIÓN B (autonómica)	695
XUVENIL LIGA GALEGA (autonómica)	350
XUVENIL LIGA PROVINCIAL	105
CADETE LIGA GALEGA (autonómica)	350
CADETE LIGA PROVINCIAL	105
INFANTIL LIGA GALEGA (autonómica)	350
INFANTIL PROVINCIAL	105
ALEVÍN (provincial)	105
BENXAMIN (provincial)	105
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
1ª DIVISIÓN NACIONAL	7.260
2ª DIVISIÓN A (autonómica)	1.455
2ª DIVISIÓN B (autonómica)	725
XUVENIL LIGA GALEGA (autonómica)	365
XUVENIL LIGA PROVINCIAL	110
CADETE LIGA GALEGA (autonómica)	365
CADETE LIGA PROVINCIAL	110
INFANTIL LIGA GALEGA (autonómica)	365
INFANTIL LIGA PROVINCIAL	110
ALEVÍN (provincial)	110
BENXAMÍN (provincial)	110

WATERPOLO

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
2ª DIVISIÓN NACIONAL	6.945
3ª DIVISIÓN PRE	2.085
1ª DIVISIÓN GALEGA ABSOLUTA MASCULINA (autonómica)	1.390
2ª DIVISIÓN GALEGA ABSOLUTA MASCULINA (autonómica)	690
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
2ª DIVISIÓN NACIONAL	7.260
LIGA GALEGA ABSOLUTA FEMININA (autonómica)	1.455
CATEGORÍAS INFERIORES MIXTAS (autonómicas)	245

OUTRAS MODALIDADES

ESCALA APLICADA (Segundo nº de licenzas certificadas pola Federación Galega correspondente)	Euros
De 1 a 15 licenzas	385
De 16 a 30 licenzas	575
De 31 a 50 licenzas	765
De 51 a 75 licenzas	955
De 76 a 100 licenzas	1.145
De 101 a 200 licenzas	1.525
De 201 a 300 licenzas	1.905
De 301 a 400 licenzas	2.285

Observación:

As categorías e/ou modalidades que non estean recollidas no presente baremo poderán ser obxecto de estudo pola Comisión Avaliadora en base a criterios obxectivos e debidamente xustificadas.

ANEXO A

FORMULARIO PARA A XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

Don/Dona	
como representante legal da entidade	
con nº de CIF	

CERTIFICO:

1º.- Que o programa para o que se concedeu a subvención, e que a continuación se detalla, foi realizado na súa totalidade

Actividade ou programa: Competición, durante o ano 2013, na/-as categoría/-as de : _____
Convocatoria: _____
Importe do orzamento de gastos obxecto da subvención (Anexo IV da solicitude): _____
Importe da subvención concedida: _____

BREVE MEMORIA DA ACTIVIDADE:

– Nº de equipos /Nº de licenzas e categoría dos mesmos:

– Resultados obtidos:

– OUTROS DATOS DE INTERESE (participación en campionatos, probas puntuais....):

2º.- Que os gastos obxecto da subvención (anexo IV da solicitude) xerados na actividade concreta do programa/-s subvencionados foron os seguintes:

Nº	Concepto	Importe	Data Pago
Importe total dos gastos obxecto da subvención			
Que se adxuntan as facturas ou documentos substitutivos correspondentes a estos gastos, así como a xustificación do seu pago			

3º.- Que as subvencións solicitadas ou concedidas por outras Entidades para a realización da actividade subvencionada ascenden a un total de _____ €, co seguinte detalle:

AXUDAS SOLICITADAS: - NON se solicitaron axudas para esta mesma finalidade - SI se solicitaron axudas para esta mesma finalidade	
Entidade/ institución á que se solicitou	Importe solicitado
AXUDAS CONCEDIDAS: - NON se concederon axudas para esta mesma finalidade - SI se concederon axudas para esta mesma finalidade	
Entidade/ institución que concedeu	Importe concedido

4º.- Da liquidación de ingresos e gastos se deriva que respecto do programa ou actividade realizada, cúmprese o disposto no artigo 31.1 da LXS, o importe dos ingresos e subvencións concedidas non supera o importe total dos gastos devengados, sendo destinadas todas as aportacións á actividade subvencionada.

5º.- Que se dou a adecuada publicidade do carácter público da financiación da actividade obxecto da subvención entre os distintos membros da Entidade, a través dos seguintes medios: _____

O que asino en _____ a data de _____

Sinatura

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2013

Asdo.: Adrián Varela Sarandeses

Concelleiro de Deportes

2013/10595